

Obradoiro de Creación Literaria

A partir do 19 de maio e durante as seguintes tardes dos luns 2 e 9 e do martes 3, desenvolvéronse no noso IES sesións do Obradoiro de Creación Literaria, dirixido polo escritor e profesor da Facultade de Traducción e Interpretación da Universidade de Vigo, Gonzalo Navaza ao alumnado seleccionado, de 1º e 2º de bacharelato.

Este Obradoiro foi solicitado polo Equipo de Normalización e o departamento de Galego e resultou seleccionado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), que promovía tal actividade.

No curso pasado tamén o solicitamos mais non fomos elixidos, neste curso insistimos e esa teima foi premiada, volveremos a intentalo sucesivamente, pois consideramos que é unha apredizaxe moi valiosa, un privilexio, que valoramos pode ser moi produtivo no futuro dos participantes con inquiredanzas literarias, que posibilita unha mellora e coidado na expresión escrita e redunda tanto nas materias que lle son afines como na aplicación práctica do aprendido .

A colaboración da dirección e do profesorado ademais da do propio escritor foi decisiva para a organización, pois houbo que facer coincidir o horario.

O o alumnado amosou moito interés, ata o punto de asistiren en horario non lectivo (martes pola tarde) e aínda de vacacións (alumnado de 2º de bacharelato).

En principio, o Obradoiro sería impartido por calquera dos escritores da Asociación.

Cando enchemos os datos da petición, solicitáronnos algúns nomes de escritores polos que tiveramos preferencia e, por sorte e o desexo do autor de satisfacer o noso, accedeu a impartilo Gonzalo Navaza, que foi o primeiro de varios que solicitamos (Manolo Rivas, E. Ruibal, Ferrín)

O resultado foi moi satisfactorio, G. Navaza verá de editar algúns dos textos saídos da experiencia, quedou co alumnado en seguir traballando ata setembro, polo que ata entón non coñeceremos o resultado, mais, aínda que iso non se levara a cabo, afirman desexar repetila e recomendala a todos, tanto polo que poidan aplicar na vida académica coma na propia.